

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

29 de decembro de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas e oito minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP) e D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asisten o deputado D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE) nin a deputada D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sra. Viceinterventora D^a. Susana Escaloni Varela.

Sr. Presidente.- Ben, moi bo día a todos e a todas. Vamos a dar comezo a esta sesión ordinaria prevista para hoxe ás 12 da mañá, bueno, eu non quería comezar esta xornada sen expresar en nome da Presidencia, entendo que no nome de toda a corporación provincial, pois a tristura, a dor de todos, polo recente e sabido falecemento de Pepe Lede, Concelleiro Socialista de Ribadumia. Quero transmitirle desde aquí as nosas condolencias, e o meu cariño, e o desta cámara,



por suposto, ós seus familiares e achegados, ó seu compañeiro e deputado Javier Mougán, que hoxe non está aquí, a toda a corporación municipal de Ribadumia e tamén ó Partido Socialista da provincia de Pontevedra, por suposto pois á Agrupación Local de Ribadumia. Así que vaia o noso recordo e a nosa lembranza. Moitas grazas.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8100.- **APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 20 E 24 DE NOVIEMBRE**

Sr. Presidente.- E vamos entón a iniciar co primeiro punto da orde do día que é a aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 20 e 24 de novembro, respectivamente. ¿Non sei si hai algunha cuestión que comentar? Procedemos á votación. ¿Votos a favor da aprobación das actas das sesións do 20 e 24 de novembro? Queda aprobada por unanimidade.

Acórdase por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 20 e 24 de novembro de 2023.

a) Parte resolutiva:

2.8101.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE POIO NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS COMPETENCIAS PROPIAS DA FASE INSTRUTORA E DA COLABORACIÓN NA TRAMITACIÓN DO PROCEDIMENTO SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO E DAS FACULTADES DE RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO (EXPTES. 2023075653 – 2023068030)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. Delegación de competencias do Concello de Poio na Deputación para desenvolver as competencias propias da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico. ¿Non



sei si hai algunha intervención por parte dos voceiros? Procedemos entón a votación do segundo punto da orde do día ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

O Pleno do Concello de Poio na sesión que tivo lugar o día 31 de outubro de 2023 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades propias da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Polo Servizo de Recadación-Tesourería, Servizo de Inspección, Servizo Xurídico do ORAL e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro: Aceptar a delegación das facultades da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico efectuada polo Concello de Poio, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2023, nos termos reflectidos no referido acordo.

Segundo: A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das



relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Terceiro: Dar conta ao Concello de Poio do contido íntegro deste acordo.

Cuarto: Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.8102.- **NOVA SOLICITUDE DO FUNCIONARIO, FERNANDO JOSÉ BENASACH TORRES, PARA COMPATIBILIZAR O DESEMPEÑO DO SEU POSTO DE TRABALLO CO EXERCICIO DE ACTIVIDADES DOCENTES NA UNIVERSIDADE DE VIGO (EXPTES. 2023075655 – 2023063380)**

Sr. Presidente.- Terceiro punto da orde do día. Nova solicitude do funcionario Fernando José Benasach Torres, para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo co exercicio de actividades docentes na Universidade de Vigo. ¿Algunha intervención? Procedemos á votación. ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Visto o informe da xefa do servizo de RRHH e Formación que textualmente di:

“ANTECEDENTES

1º.- Mediante escrito presentado no Rexistro electrónico da Deputación Provincial de Pontevedra o 11 de decembro de 2023, Don Fernando José Benasach Torres, con DNI nº ***2828**, funcionario de carreira co posto de traballo de Psicólogo, grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe, solicita que se lle conceda a autorización para compatibilizar o desempeño do seu posto cunha segunda actividade no sector público, como profesor asociado T3-P4 a tempo parcial no departamento de psicoloxía evolutiva e da educación, na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da Universidade de Vigo.



Xunto con dita solicitude achega un escrito do Secretario da citada Facultade, no que se informa da xornada e horario de traballo do segundo cuadrimestre, que non afecta ó establecido no Centro Príncipe Felipe.

2º.- Por acordo adoptado no Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria do día 10 de novembro de 2023 concédese autorización a Don Fernando José Benasach Torres para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como Psicólogo do grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector público como Profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo, durante o primeiro cuadrimestre do curso académico 2023/2024.

3º.- No expediente consta acreditado que o posto como profesor asociado ten asignada unha retribución bruta mensual de 612,57 €.

Así mesmo, consta o informe favorable da Vicerreitora de profesorado e ordenación académica, por delegación do Reitor da Universidade de Vigo.

4º.- O posto de traballo que desempeña na Deputación de Pontevedra como Psicólogo ten establecida unha retribución bruta anual de 40.286,90 €.

5º.- A cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supera a remuneración prevista nos Orzamentos Xerais do Estado para o cargo de Director xeral (60.794,20 €), nin supera a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente (79.032,46 €), tal e como esixe o artigo 7 da Lei 53/84.

CONSIDERACIÓNS NORMATIVAS

1º.- Lei 53/84, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

2º.- Real Decreto 598/85, de 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismo, Empresas dependentes.



3º.- Artigo 70.9 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se atribúe ó Pleno da Corporación Provincial a declaración de compatibilidade para o exercicio dunha segunda actividade no sector público ou privado.

4º.- O artigo 4 da Lei 53/84 e 3 do RD 598/85 sinala que poderá autorizarse a compatibilidade, cumpridas as restantes esixencias desta Lei, para o desempeño dun posto de traballo na esfera docente como Profesor universitario asociado en réxime de dedicación non superior á de tempo parcial e cunha duración determinada.

5º.- Á súa vez, o artigo 3 da Lei 53/84, indica que para o exercicio da segunda actividade será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ó seu estrito cumprimento en ambos.

6º.- O artigo 7 da Lei 53/84 contempla como requisito necesario para autorizar a compatibilidade de actividades públicas, que a cantidade total percibida por ambos postos ou actividades non supere a remuneración prevista nos presupostos xerais do Estado para o cargo de Director xeral, nin supere a correspondente ó principal, estimada en réxime de dedicación ordinaria, incrementada nun 30 por 100, para os funcionarios do grupo A ou persoal de nivel equivalente.

A superación destes límites, en cómputo anual, require en cada caso acordo expreso do Pleno das Corporacións Locais en base a razóns de especial interese para o servizo.

Neste senso o RD 598/85 dispón no seu artigo 4 que nos supostos en que sexa posible a autorización de compatibilidade de actividades públicas, esta entenderase condicionada á aplicación das limitacións retributivas previstas no artigo sétimo da Lei 53/1984.

7º.- Os servizos prestados no segundo posto ou actividades non se computarán a efectos de trienios nin de dereitos pasivos, podendo suspenderse a cotización a este último efecto. As pagas extraordinarias, así como as prestacións de carácter familiar, só poderán percibirse por un dos postos, calquera que sexa a súa natureza.



8º.- As solicitudes de autorización de compatibilidade dun segundo posto no sector público, que formule o persoal sometido ó ámbito de aplicación deste Real Decreto, serán resoltas no prazo de tres meses a contar desde a data de presentación da solicitude. Este prazo poderá prorrogarse, mediante resolución motivada, por un período de tempo non superior a un mes (Artigo 5 do RD 598/85).

9º.- Ademais, tal e como sinala o artigo 6 do RD 598/85 toda autorización de compatibilidade require informe favorable da autoridade correspondente ó segundo posto. Se se trata de compatibilizar postos no ámbito de Administracións Públicas diferentes, o informe deberá ser emitido, segundo os casos: polo Ministerio da Presidencia, oído, segundo proceda, a Subsecretaría do Departamento correspondente, o Delegado do Goberno, o Gobernador Civil ou Reitor da Universidade; polo órgano competente da Comunidade Autónoma ou polo Pleno da Corporación Local.

10º.- Por último, e ó abeiro do previsto na disposición final terceira do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, non poderá autorizarse ou recoñecerse compatibilidade ó persoal funcionario, ó persoal eventual e ó persoal laboral cando as retribucións complementarias que teñan dereito a percibir do apartado b) do artigo 24 do presente Estatuto inclúan o factor de incompatibilidade, ó retribuído por arancel e ó persoal directivo, incluído o suxeito á relación laboral de carácter especial de alta dirección, circunstancia que non concorre na solicitude presentada polo interesado.

CONCLUSIÓN

En base ós antecedentes e consideracións normativas citadas anteriormente proponse conceder a Don Fernando José Benasach Torres a compatibilidade solicitada para o desempeño do posto de traballo de profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo.”

Considerando o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda acorda por unanimidade:



Conceder autorización ó funcionario de carreira, Don Fernando José Benasach Torres para compatibilizar o desempeño do seu posto de traballo como psicólogo do grupo A1, adscrito ó Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra, cunha segunda actividade no sector público como profesor asociado T3-P4 a tempo parcial na Universidade de Vigo.

4.8103.- **APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024 (EXPTE. 2023074896 - 2023076665)**

Sr. Presidente.- Cuarto punto da orde do día. Aprobación das bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela López.

Sr. Cubela López.- Moi bos días compañeiros, compañeiras, deputados e deputadas. Gracias Sr. Presidente. Cumprimos co noso compromiso de comezar o próximo ano cos orzamentos aprobados. Dende o grupo de goberno cumprimos co noso compromiso de poñer as administracións locais no centro da nosa acción de goberno, e cumprimos co noso compromiso de reforzar os investimentos e a autonomía nos concellos e tamén do tecido asociativo, civil e empresarial do noso territorio. Hoxe, a corporación provincial vai a aprobar o maior plan de cooperación da súa historia; o Plan Máis Provincia é un plan récord dotado con 48,2 millóns de euros que marcará un antes e un despois e achegará máis investimento, máis autonomía e máis apoio aos retos de futuro dos nosos municipios,. O Plan Máis Provincia é o plan máis ambicioso de apoio a obras e servizos dos concellos da historia de Deputación, como dicía antes con 48,2 millóns de euros. Pero ademais marcará tamén e fará historia polo xeito de axudar aos municipios, porque terán máis autonomía que nunca, o 70% do orzamento resérvase para investimentos, os gobernos locais terán flexibilidade para sufragar gasto corrente con fondos de investimento. Crearemos unha liña nova dotada con 1,2 millóns de euros para proxectos transformadores e terase en conta por primeira vez o reto demográfico e a perda de poboación á hora de repartir os fondos. Para atender aos concellos que máis perderon poboación nos últimos 10 anos e ós que maior índice de envellecemento presentan, segundo a relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20. Como xa é sabido temos 4 liñas de actuación a través deste plan. Liña 1: para financiar



investimentos, o 70% do total, 33,74 millóns de euros. Liña 2: para atender o gasto corrente o 8,3%, dotado con 4 millóns de euros. A Liña 3: para a activación do emprego, o 9,2% do total, con 9,25 millóns de euros. E a Liña 4: que é nova, dotada con 1,2 millóns de euros para financiar a redacción de proxectos para a transformación da mobilidade en zonas rurais e urbanas o 3% do total. Os criterios para o reparto basearanse en: unha porcentaxe fixa que será do 45%, unha variable do 55% segundo criterios de poboación, superficie, núcleos e por primeira vez, de incidencia do reto demográfico, o 43,57% dos fondos, 21 millóns, distribuiranse entre os 36 concellos de menos de ata 10.000 habitantes; o 33,71 do orzamento, 16,25 millóns irán destinados aos 15 concellos de entre 10.000 e 20.000 habitantes; e os 8 concellos de entre 20.000 e 50.000 habitantes beneficiaranse de 10,95 millóns de euros, que supón o 22,75% do total. Deste xeito preto do 80% do orzamento do Plan Máis Provincia recaerá sobre os concellos de menos de 20.000 habitantes para atender as súas necesidades. En resumo, o Plan Máis Provincia que hoxe se aproba neste Pleno é o maior plan de apoio municipal para concellos de menos de 50.000 habitantes da historia da Deputación de Pontevedra. Nunca antes ningún goberno aprobou un plan de cooperación que servira como instrumento de apoio aos municipios da provincia cunha dotación económica tan alta, 48,2 millóns de euros. O goberno de Luis López vai supor un antes e un despois para os concellos da nosa provincia, estamos falando de que son 4,2 millóns de euros máis e un incremento do 10% respecto ao ano pasado. Este goberno que preside un exalcalde, o exalcalde de Rodeiro, Luis López, incrementou o orzamento do primeiro Plan Máis Provincia nunha contía maior que o anterior goberno en 8 anos, unha cifra que está moi por riba do que nos demandaba a oposición, lexitimamente, pero que só era unha suba dun 3%, que chegaría ata os 45,32 millóns de euros, nós chegamos a 48,2. Hoxe é un día histórico para os municipios e as corporacións municipais da nosa provincia e, polo tanto, agradeceríamos o bo tono do debate porque ó final hoxe estamos aquí apoiando ás nosas corporacións, á iniciativa municipal, á súa autonomía e aos distintos gobernos da nosa provincia independentemente da súa cor política. Gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o Voceiro do Grupo Provincial do BNG, D. Cesar Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Bo día a todos e a todas. Antes de nada unha precisión terminolóxica, volveu a dicir o Presidente desta cámara, por desgracia ou por sorte non somos cámara, somos unha corporación.



Sr. Presidente.- Correcto. Son as legislativas.

Sr. Mosquera Lorenzo.- As cámaras son as legislativas que están noutro lado e que legislan sobre nós, incluso, e temos tal. Ben, estamos, eu repasando este asunto acordeime alá nos anos, principios dos 90, que a primeira vez, a primeira vez nesta Deputación que houbo algún criterio obxectivo no reparto do POS, resulta que houbo, recórdome na comisión perfectamente, non vou a dar o nome, do secretario da comisión, o funcionario, dixo que el estaba radicalmente en contra que o Presidente tiña que repartir a dedo o que ben lle parecera, e non debía de haber criterios obxectivos, iso foi, debeu de ser no ano 92 ou 93. Afortunadamente, afortunadamente os tempos cambiaron, os tempos cambiaron e hoxe, ou desde hai anos, podemos poñer nos últimos 8 máis, pero xa antes haberá 15 anos, esta Deputación converteuse, posiblemente, na máis ecuánime de todas as deputacións galegas. Ben, hai este plan, por certo, ¡oh sorpresa!, ou sexa, di que é todo para os concellos pero chámalle provincia, antes chamábase concellos e critican que parece que non eran para os concellos, é así unha cousa rara, pero bueno, estas cousas de comunicación, estes rolos, que de verdá cada vez son máis pesados e fan cousas máis raras, se é, ¿non?, acaban de dicir que é todo para os concellos, con autonomía dos concellos, etc., bueno, entonces, quitarlle o de concellos e poñerlle o de provincia non parece moi coherente pero tampouco vamos a montar unha guerra, nin eso, alá ustedes. Pero o certo é que estamos ante un plan que mantén unha cantidade de fondos elevada, despois véndese que sube 4 millóns, si, si, si se quitan outras partidas que iban por outro lado pos concellos e se menten aí, entonces engorda, non engorda, dá igual, un plan moi substancial, moi substancial para os concellos, que se reparte con criterios obxectivos, que se mantén que eso, advirto, que non sei como sairán as contas pero estaba xa moi rascado a aportación a Pontevedra e a Vigo estaba xa moi rascada e respectaba moi mal a aportación, non vai aquí vai por outro lado, pero creo que o concello, debía de ser Vilagarcía, que debía de andar en 1,8, 1,9 e Pontevedra andaba no 2,5, ou sea, que xa andaban, como haxa un cambio resulta que lle pasa, ou sea, non se garda a proporcionalidade, pero sería un tema á parte. Pero bueno, mantense, polo que se ve aquí tamén, o dos convenios, polo tanto, vamos, hai uns criterios obxectivos e, polo tanto, nós en eso estamos de acordo. Loxicamente eses criterios obxectivos quen os ten que fixar pois é o goberno, os cambios son mínimos porque se cambia, realmente se cambia o de densidade polo de demografía, ¿non?, que bueno, non miden o mesmo pero tamén andan cerca, polo tanto os cambios son mínimos, non sobra seguramente telo



comentado coa oposición, non é necesario o goberno ten esa capacidade, pero bueno, repito son criterios obxectivos que foi a nosa batalla aquí desde hai moitísimos anos e que por fin logramos, e que están, se trata a todos os concellos igual, se respecta a autonomía municipal como xa era, xa era, e que loxicamente pois hai uns cambios que en principio non vemos negativos. Polo tanto, vamos a votar a favor, como todo o que vexamos que é razonabel, ¿non?, como facemos en todo. Non sei a que se refería o Sr. Cubela con eso da oposición, vostedes pedían cando estaban na oposición creo que pediron 56 millóns, se non me falla a memoria, entre 56 e 58, propuxérono varias veces, varias veces, incluso máis se cadra. Bueno, eu non sei, desde logo esta oposición, porque sabemos as contas da Deputación e sabemos que dá para o que dá, ou sea, ou se fusionan todos os que van aos concellos por outras liñas en un plan único, ou senón non dá para esas cifras, bueno, neste caso fusiónanos e xa o fan, digo que non ten moito sentido esa crítica porque ustedes o que pediron cando estaban na oposición foi bastante máis, creo que dunha maneira disparatada facendo unha oposición moi pouco responsabel e demais. E pouco máis, simplemente agardemos que, en fin, tampouco somos tan inocentes como para non saber que as porcentaxes están medidas para, facendo simulacións, que eso é unha práctica fea que sigue habendo, que sigue habendo, facendo simulacións para a ver a quen beneficia máis, beneficia menos, se axusta e demais, eso xa o sabemos, é unha práctica que aínda non se deu erradicado nesta Deputación pero son cousas menores, son complementos de moi pouquiña monta que non, digamos, non invalidan o plantexamento xeral que son: Autonomía dos concellos, criterios xerais...

Sr. Presidente.- Vaia rematando por favor Sr. Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- ¡Ah, perdón! para todos os concellos polo tanto vamos a votar a favor.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas. Ten a palabra D. Carlos López Font, o Voceiro Socialista.

Sr. López Font.- Buenos días a todas y a todos. En primer lugar el agradecimiento al Presidente por sus palabras de apoyo y de, en relación con el fallecimiento de nuestro compañero concejal, se lo trasladaremos así a nuestros compañeros y agradezco el que sea el sentir de toda esta corporación. Bien, hemos llegado aquí a este plan menos provincia y hay que contextualizarlo porque 100 días después de tomar posesión se presentaba a los concellos 4



hojitas mal hechas y confeccionadas en formato Word y a esas 4 hojas se le llamó Plan Más Provincia, para nosotros menos provincia. En esas 4 hojas y en esa presentación se mintió a los alcaldes y alcaldesas por parte del Presidente afirmando que no se iban a cambiar los criterios del Plan Concello, es obvio que aquí se han cambiado. Pero miren la Ley de Bases de Régimen Local, sobre la que suele teorizar mucho el Sr. Cubela, obliga a las diputaciones a tener un plan de obras y servicios para los concellos de menos de 20.000 habitantes. Es verdad que esto se ha extendido hasta los de 50.000 y este Grupo Provincial Socialista se considera responsable del paso más modernizador que se dio en el año 2016 con el Plan Concellos, un plan único para atender a los concellos en cuentas claras y regladas y además en cada ejercicio se acompañaban, ahora veremos las cifras, Sr. Cubela, con otros planes todos en concurrencia competitiva para impulsar grandes obras a las que todos los concellos concurren. Pero mire, Sr. Cubela, retorciendo los números en este año 2023, y cuando vengan las cuentas del año 2023 lo comprobaremos, los concellos han tenido 68,7 millones de euros, es fácil la suma: 44 millones Plan Concellos, 22 millones plan extraordinario (Plan Pon2030) y 2,7 de ayudas para los temporales de la pasada navidad, cuestión que ustedes no atendieron a los temporales últimos que han ocurrido. Por lo tanto, el plan menos provincia es un 21% menos que lo que los concellos han tenido en este año por lo tanto y bueno la prueba está en que el Sr. Presidente anda firmando convenios con los concellos que provienen del Plan Pon2030 y que, no sé si se lo han dicho o se ha dado cuenta, sumará al Plan Concellos y la cantidad será superior, eso lo veremos aquí cuando llegué la rendición de cuentas. Pero claro, resulta sorprendente la historia que se hace, el Partido Popular no ayudó al Plan Concellos, el hoy Presidente participó en un escrache aquí, al poco de tomar posesión el anterior gobierno, la Sra. Silva, como Presidenta, pidiendo una reunión y afirmando que el Plan Concellos en aquel momento necesitaba 60 millones de euros, no, Sr. Mosquera, no eran ni 56 ni 58, eran 60 millones en una moción que se presentó aquí en el Pleno. Por lo tanto, Sr. Cubela, esta gran cifra de 44 a 48, lo que le faltan es 12 y debería de hacérselo recalcular. Por lo tanto un 21% menos y, por lo tanto aquí me encantó escucharle gasto corriente, y dijo así la frase, ¡claro!, es que es el protagonista, el gasto corriente de este plan porque ustedes se van a realizar menos obras y se va a gastar más en gasto corriente. Por lo tanto, aquí lo que ha habido, del anterior gobierno, han sido Plan Concellos, si en las cantidades que había, pero a mayores los concellos han tenido un Plan de Reequilibrio, han tenido un Plan DepoRemse, han tenido un Plan Reacon y un Plan 2030, que han permitido 3.000 grandes obras en esta provincia, y ya veremos cuando haya que hacer balance de la suyas, el ejemplo del alcalde de



Rodeiro es evidente, en el Concello de Rodeiro las actuaciones que se hicieron fue gracias a los fondos de la Diputación. Por lo tanto, lo que ustedes potencian es el gasto corriente, bueno, claro, decir que hay una nueva línea 4, cuando lo que se han cargado es el Plan Ágora, pues ciertamente ya es lo más rocambolesco porque coincide con el Sr. Mosquera en que quitan de un sitio ponen en otro y lo venden como la grandilocuencia de lo que realmente han hecho. Miren, en resumen, este no es un plan de obras y servicios como mandata esa Ley de Bases de Régimen Local con la que usted nos eternizó y nos teorizó durante mucho tiempo, y es un plan para pagar facturas en el cajón y gasto corriente, y esto, luego lo mencionaré, no corresponde pagarlo a la Diputación porque sabemos a quién le corresponde. Usted Sr. Cubela denominaba...

Sr. Presidente.- Vaia rematando por favor.

Sr. López Font.- Si, bueno el portavoz me había dicho que a lo mejor inclusive podríamos llegar a los 10 minutos, cuestión que no quise utilizar en plan ventajista, pero voy a ir terminando, no se preocupen. El Sr. Cubela denominó durante mucho tiempo que el Plan Concellos era aspirina para todos, pues hoy lo que ustedes van a aprobar es una aspirina infantil para los que no han hecho los deberes y se les va a sufragar el gasto corriente, y lo que está claro es que esto, que no lo mencionó, también va acompañado de un plan de acción caciquil de 2 millones de euros, que ya veremos como acaba pero ya le anticipo, Sr. Cubela, acabará fatal. Muchas gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra Don Jorge Cubela López.

Sr. Cubela López.- Gracias Sr. Presidente. Agradécémolle ó BNG e ó seu portavoz, pois en aras da colaboración, o seu voto favorable, cun discurso impecable sobre a realidade deste plan e, polo tanto, a min tampouco e ó Grupo Provincial Popular se lle caen os aneis en recoñecer pois as cuestións do Plan Concellos i tamén as cuestións que críamos, dende a nosa experiencia na oposición, vir ao goberno a cumprir o que pediamos no pasado mandato, que era flexibilizar as bases do Plan de Cooperación. I, refírome sempre á nomenclatura do Plan de Cooperación, ó Plan Concellos, porque como ben dicían a Lei de Bases, sucesivamente modificadas pola Lei de Modernización i despois na Lei de 2015, que incorpora que as deputacións están obrigadas a dotar aos municipios da provincia dun Plan de Cooperación para o apoio aos municipios en cada territorio. Eu, Sr. Font, acaba de recoñecer por primeira vez, ben feito, que o



Plan Concellos era o resultado da aplicación diso, non o cuestiono, era a aplicación desa lei. Durante estes últimos anos escoitamos sempre que o Plan Concellos era a barita máxica dunha idea creada no mundo das ideas polo Partido Socialista e polo BNG na Deputación, non, aplicábase, outra cousa son os criterios i a contía. Pero miren, o que non lle vou a poder gañar e vámoslle a gañar en todo o demais é retorcendo os datos. Sr. Font, mire, vostede acaba de facer unha exposición e unha defensa dos últimos 8 anos i dos distintos plans que houbo, ¡home! Nós levamos 5 meses, si cre que tivemos tempo e fondos para facer eses plans a maiores do Plan Máis Provincia, pois home, seríamos unhas máquinas de fabricación de cartos. Pero de momento, nos primeiros 5 meses do goberno do Partido Popular e nos 5 primeiros meses do anterior goberno, xa lles gañamos en todo o que lle vou a dicir, xa veremos o que pasa nos próximos 4 anos i, deus mediante, si o Partido Popular recunca nos próximos mandatos. Pero mire, en 6 meses superámoslle en todas as medidas, en todas, miren, 48,2 millóns de euros para o Plan Máis Provincia, vostedes aprobaron o primeiro plan en 40 millóns, 8,2 millóns de euros máis na primeira medida; seguinte medida, aprobación do Plan de Infraestruturas Deportivas, repartido, repartido cos mesmos criterios de obxectividade para todos os concellos, non por concorrencia competitiva para que queden concellos fóra unha vez que se gasten os fondos, 4 millóns de euros; 2 millóns de euros para recuperar a liña de axuda ás asociacións i as comunidades de augas da nosa provincia; flexibilización das bases do Plan Pon2030 para que os concellos puideran cofinanciar as súas actuacións con fondos doutras administracións; non paralizamos ningún proxecto en licitación coma vostedes no ano 2015, por ser gobernos do Partido Popular, a diferenza de talante e de xestión i de aplicación é abismal, vimos ó goberno a aplicar o que pedíamos na oposición. Gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Eu, francamente, a min persoalmente abúrrenme estes debates, todos sacados de contexto, o que sexa, entonces, é que si nós metemos 40 millóns, é o que se podía meter daquela en porcentaxe sobre o orzamento total, é probablemente máis co de agora, entonces, bueno, e vamos, a discutir, e que si fixemos ou non fixemos. Mire, e a obriga legal do POS claro que existía, e, por exemplo, na Deputación de Ourense aínda o ano pasado existiu un plan POS que eu creo que deixaba fóra á maioría dos concellos, dáballe a quen lle parecía ben; e nesta Deputación, pero hai moitos máis anos, resulta que nese POS, acórdome, 2 concellos do PP, naquel momento, A Guarda e O Grove, igual



poboación, igual extensión, un levaba 4 veces máis que o outro, os 2 do PP, ou sea, hasta se usaba para, digamos, entre familias do PP no seu momento. Eso desapareceu, entón o POS pódese facer dunha maneira, doutra, doutra e doutra e aquí lévase anos facendo cuns criterios obxectivos e co cal pois creo que deberíamos enorgullecernos todos e non poñernos a discutir que si hai si vén unha coma voando, vén para aquí, vén para alá que parece que é a afección deste debate. Xa lle anuncio van ter cartos, van a ter moitos cartos, a Deputación quedou moi ben, economicamente, moi ben a pesar dese amago que fixeron aí de afealo e entre remantes, anulación da liquidación negativa do 20, liquidación positiva do 21, maiores aportacións, van a ter moitos cartos, van telos. Ben, sorte para a Deputación, sorte para os servizos que presta e sorte para vostedes que están gobernando e teñen esa posibilidade. O que pido é sentidiño para facelo dunha maneira e despois en canto á concorrencia competitiva, ¡home!, creo que se logrou bastante coa concorrencia competitiva, creo. ¿Que se logrou? Pois que os concellos melloraran a calidade dos proxectos que aí é nada, creo que foi un gran logro e agardo que se siga. Evidentemente, este plan non pode ser por concorrencia competitiva porque os veciños non teñen culpa de que un concello teña problemas cos funcionarios ou teña problemas coa corporación e non faga os proxectos ben, polo tanto se reparte. Pero outros si deben ir por concorrencia competitiva para mellorar a calidade, o nivel da xestión dos concellos.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o Voceiro Carlos López Font.

Sr. López Font.- Sr. Cubela, está simpático hoy porque dice en cuanto a idea, ¡claro!, si ustedes gobernaron, el Partido Popular, 40 años esta Diputación, y no hicieron ningún plan igualitario para los concellos, claro que hemos presumido de que trajimos la idea en el año 2016 después de 40 años de democracia del primer plan en el que se reconocía la autonomía de los concellos y me dice, telegráficamente, que han hecho mucho durante 6 meses, pero si no han hecho nada, si lo único que han hecho ha sido ejecutar burocráticamente lo que les dejó el anterior gobierno. Aproveche los minutos que les queda para decirme que es lo que han hecho real, que luego me referiré a la última rueda de prensa que ha hecho el Sr. Presidente. Miren, nosotros nada más llegar y a lo largo del tiempo lo primero que hicimos ha sido deuda cero en esta corporación, y lo que es evidente, y lo que es evidente es que a lo que no me ha contestado es a que la realidad es que los concellos en el año 23 disponen de 68,7 millones y ustedes traen esta cantidad, y esta es la realidad, y lo que vamos a aprobar hoy tiene un



secreto, que ustedes tienen guardado, y es la hoja Excel de que va a tener cada concello como tengo a mi compañera la Alcaldesa de Redondela va a salir de aquí sin saber lo que va a tener su concello, y ustedes les han ocultado las cantidades que le va a corresponder a cada concello, porque me hizo muchísima gracia, el Pleno último el Sr. Presidente quedó encantado porque me dijo que si me preocupaban las fechas había sido aprobado el 4 de enero o no sé qué día. Mire, en el Plan Concellos constituyó un derecho desde año 2016, los alcaldes y alcaldesas, el de Rodeiro, el de Cerdedo-Cotobade y el del resto en el mes de agosto sabían lo que iban a tener al año siguiente ¿Por qué? porque habíamos convertido el Plan Concellos en un derecho, ustedes esto lo han cambiado, hoy ningún alcalde ni alcaldesa salvo los del Partido Popular, me imagino, saben lo que les va a corresponder, por lo tanto ustedes han faltado ciertamente a la verdad y lo importante es eso es que esa hoja de Excel que ustedes manejan se pudiera saber absolutamente todos. Miren, han modificado la estructura del Plan Concellos, he creído entender que va haber algún plan, ¿se acuerda Sr. Cubela cuando los alcaldes y alcaldesas del Partido Popular le preguntaban al gobierno de la Sra. Silva, ¿va a haber algún fondo extraordinario? ¿Va a haber algún plan extraordinario? Pero hoy 2023 todavía salimos de aquí sólo con 48 millones y de verdad, de verdad, por decencia reconozca en su última intervención que ustedes pedían 60 millones de euros por una moción en este pleno y que hoy lo que nos traen son 48. Sr. Cubela y Sr. López por una vez hombre sean sinceros y no hagan las cuentas del gran capitán, porque lo único que hacen es quitar de un sitio para poner a otro ¿pero saben cuál va ser el plan, la realidad del plan menos provincia?, la que veremos al final de año y entonces tendremos debate y confrontaremos cuando quieran lo que significó el Plan Concellos con este que ustedes aprueban hoy.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra e pecha o turno de intervencións D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, nada, ¡oel!, simplemente a modo de quitarlle substantividade ao debate, Sr. Mosquera, sinto que o aburramos, ¡home!, nós escoitámolo con moita atención cada vez que fai referencias aos anos 90, o cal quere dicir que leva aquí moito tempo. Bueno, Sr. Font, o que lle vou a dicir dígollo coa maior sinceridade e claridade, teño a mellor das opinións na súa capacidade oratoria e ademais creo que é un bo profesional da arte da retórica. Pero mire, vostede xa non é o mesmo que cando estaba no goberno, vostede está nun plan moi nostáxico. Eu voulle a querer refrescar a memoria e recordarlle que



o Partido Popular está no goberno da Deputación i o Partido Socialista pasou á oposición, i é certo, fixemos en 5 meses moito máis dos primeiros 6 meses, do primeiro semestre, que cando vostedes chegaron no ano 15. Miren, caeu por terra todo o discurso que podían ter neste Pleno e durante os próximos anos deste mandato, porque vostede pensaba que iamos a actuar distinto, traer unhas bases distintas que as que hoxe veñen a este Pleno, a este Pleno veñen as bases realistas, despois de escoitar aos alcaldes e alcaldesas, veñen unhas bases aplicables despois de ser coherentes co que pedíamos na oposición, que os concellos e as corporacións i os gobernos municipais tiveran maior flexibilidade á hora de executar i de decidir en que aplicaba o Plan Concellos. Miren, Alcalde de Pontevedra, “en principio soa ben”; Alcalde de Sanxenxo, voulle a dicir un do PP, “moi satisfeito”; voulle a dicir un do Bloque, o Alcalde de Barro, “a valoración en principio é positiva”; Alcalde de Ponte Caldelas, “en principio pola nosa parte ten boa acollida”; os alcaldes do Bloque o do Partido Socialista están encantados en que incrementemos os fondos i que vaíamos a facer non menos senón máis provincia con todas e cada unha das decisións que o goberno de Luis López vai a tomar para dedicar fondos aos municipios da provincia. Despídome recordándolles que 1 de cada 3 euros do orzamento que se aprobou para o exercicio 2024, 1 de cada 3 euros, vai dedicado a transferencias aos concellos da provincia de Pontevedra, imos a traballar para todos, con todos i contando con todos, a diferenza do que fixeron vostedes durante os 8 anos de goberno de Carmela Silva. Gracias Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Vamos a proceder á votación do cuarto punto da orde do día que é a aprobación das bases reguladoras do Plan de obras e servizos de competencia municipal Plan Máis Provincia 2024. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobado por unha maioría de 17 votos.

Dáse conta das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Máis Provincia) 2024, as cales conteñen as normas que rexerán o programa de subvencións da Deputación de Pontevedra ás obras e servizos de competencia municipal. Desta forma, de conformidade co establecido na disposición adicional oitava da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (LXS) coa a súa aprobación polo Pleno Provincial, estas bases constituirán a normativa específica pola que se rexerá o plan.

As bases, ademais de recoller os criterios de distribución da totalidade do crédito dispoñible conforme ao procedemento de concorrencia non competitiva, dota de



seguridade xurídica ao procedemento de concesión e xustificación de subvencións públicas para acadar, así mesmo, a transparencia e obxectividade que debe presidir a actuación da Deputación de Pontevedra.

Vista toda a documentación relativa ás citadas bases que obra no expediente núm. 2023074896; vistos os informes do Secretario Xeral, de data 19 de decembro de 2023 (CSV: ZYFFHRHVMOJ7RB8F); da xefa do Servizo de Cooperación, de data 19 de decembro de 2023 (CSV:0D39FG5XOEZC0B6L) e da Intervención Provincial, do 19 de decembro de 2023 (CSV: Y6D6WP0A3FK07DWV) e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, emitido, en data 22 de decembro de 2023, antes da súa elevación ao Pleno; de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por maioría cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE:

1º.- Aprobar as Bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Máis Provincia) 2024, condicionadas á entrada en vigor do Orzamento Xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2024.

O texto das Bases reguladoras figura no expediente asociado á convocatoria núm. 2023074896 co CSV: PKOBJ1ISD1DQ37DL.

2º.- Ordenar a publicación destas Bases reguladoras e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<http://sede.depo.gal>).

5.8104.- **APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS (EXPTE. 2022005648 - 2023076680)**



Sr. Presidente.- Pasamos ó quinto punto da orde do día que é a aprobación da Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos. ¿Non sei se hai intervencións? Si. Ten a palabra D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Neste punto que vén a aprobación da Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos, a Deputación de Pontevedra y o Concello teñen o obxectivo compartido da remodelación deste viario da Praza de Barcelos. Esta intervención que permite a reorganización do espazo público dotándoo dunha maior seguridade e accesibilidade estableceu as pautas de colaboración para levar a cabo esta remodelación. Na data do 25 de marzo do 22 o Pleno da Corporación Provincial adoptou o acordo polo que se aprobou este convenio no que se establece un orzamento de 2 millóns de euros cuxa financiación corresponde integramente á Deputación, 1,2 millóns na anualidade 22 e 863.000 euros na anualidade do 23. O convenio foi asinado polas partes o 5 de abril do 22, sendo o 17 de novembro deste ano o Concello de Pontevedra quen solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento con obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar a vixencia do mesmo, ao preverse por parte do concello que non será posible a execución e finalización no prazo estimado. Polo tanto, o 31 de novembro por mor do retraso na planificación da obra debido á ocupación da vía pública, con estadas e acopios de edificios situados na praza, así como as choivas producidas dende mediados de outubro, acordou por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio establecendo como prazo de execución da finalización da obra a data límite do 31 de outubro do 2024 e fixando como prazo de xustificación ata o 31 de decembro do 24. Na data de 5 de decembro de 2023 o concello remitiu certificado de acordo de aprobación da addenda pola Xunta de Goberno local para prorrogar a vixencia do convenio; o día 22 deste mes someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local para a aprobación da Addenda para prorrogar a vixencia do citado convenio, elévase a este Pleno a proposta de acordo para aprobar a Addenda e prorrogar a vixencia do convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos. Rematei a explicación Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.



Sr. Mosquera Lorenzo.- Gracias Sr. Presidente. A ver, acabamos de discutir o POS, o Plan Máis Provincia, ou Plan Máis Concellos, e, vamos o Concello de Pontevedra e Vigo están noutra, por convenios, ¿non?, en vez de someterse a bases xerais, igual que o Plan Concellos antes, agora Máis Provincia, se prorroga, esto pois é o mesmo, se prorroga, se prorroga o convenio e as razóns, bueno, moi colaterais pero están na acta, é que houbo dous edificios que ao empezar a obra arreglaron as fachadas e non se podía cambiar os tubos por debaixo, ¿non?, e a obra non ía mal, non ía mal de ritmo, puido terse acabado senón fora por eso ou andaría así, así. Ben, esta obra ten dúas fases, en principio era facer toda a praza pero, digamos o proxecto que leva anos xestándose, a parte de abaixo está condicionada por como se resolva a entrada de Sta. Clara. Non tería sentido facer a parte de abaixo e despois resulta que hai que levantala, hai que rompela ou hai que facela, por eso, ¿non?, está pendiente, eu agardo que para ese, bueno, despois deste parón das actuacións de Sta. Clara, cando se retomen agardo que haxa o mesmo nivel de colaboración, desde logo, por parte do Concello vai haber toda a colaboración como houbo sempre coa Deputación e co Museo, que chegou ao extremo, por exemplo, que na rúa da Serra parte da rúa cedeuse ao concello para incorporala ao Museo, parte da rúa, espazo público, que non é, que son palabras maiores, vai haber toda a colaboración e agardo que siga, que siga ese espírito de colaboración e se poida resolver da mellor maneira posible pois o que queda da obra á parte de agora resolver, digamos, a prórroga que é necesaria para completar a obra.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra o Voceiro Socialista D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente. Bueno, antes de entrar en este tema y en el conjunto de los temas burocráticos que faltan del orden del día del Pleno, decirle Sr. Cubela que no soy un nostálgico, ¡que val!, para nada; lo que tampoco soy es un noctámbulo, que convoca Plenos a las 4 de la mañana, eso tampoco, eso tampoco. Tiene usted el récord, fue el alcalde más joven de España, y ahora como parece ser que le falta el récord, pues dijo, vamos a substanciar otra cuestión en la que sea el alcalde de toda España que convoca de madrugada un Pleno; desde luego absolutamente brillante, Sr. Cubela. Mire, Sr. Presidente, vemos el orden del día de este Pleno, por eso digo, que para no estar interviniendo en los puntos siguientes, la verdad es que es un orden del día absolutamente desolador, estamos en trámites burocráticos, Plaza de Barcelos-



Pontevedra, zona sur-Pontevedra, Bueu-Reacon, Crecente-Reacon, podría continuar así hasta el último del Concello de Vigo Coruxo-Canido, y es la confirmación, Sr. Cubela, de que aquí en Comisiones Informativas y en Junta de Gobierno lo único que viene es de la inercia del gobierno anterior. Por lo tanto, claro, cuando dice usted que se ha hecho más en cinco meses que en no sé cuántos años, y cuando dice que se escucha a los alcaldes y alcaldesas, pues ciertamente, es sorprendente, porque todos manifestaron que asistieron aquí a una reunión y que no se les dio la palabra absolutamente a nadie. Aprovecho un poco para decir que termina este año con la misma tónica de meses anteriores y el orden del día de aquí lo confirma, de lo único que se trata es del impulso y de la inercia del anterior gobierno y son los temas que se traen, porque claro, las ruedas de prensa, hay que reconocerle al Presidente que es una persona agradable, simpática, que tiene la sonrisa permanente, ¿no?, entonces las ruedas de prensa son simpáticas porque además encontró un término muy bueno, y es, lo acaba de decir en la rueda de prensa hoy, y es que la Junta de Gobierno movilizó más de 3 millones de euros, movilizó; y ahora, claro, vayamos al desglose de lo que movilizó la Junta de Gobierno de hoy, 375.000 euros de las escaleras Príncipe Felipe, que ya lo anunció la anterior Presidenta; 1,4 millones de Ágora, que se los cargan ahora, pero que dicen que es un éxito de ustedes que lo han movilizado; y 1,4 millones de transferencias digital, que se consiguió de fondos europeos, por el anterior gobierno, eso sí, el periodista que haya salido de aquí y que no sé si ha preguntado, se puede ir con la idea de que el gobierno del Presidente Sr. López, como le gusta decir al Sr. Cubela, ha movilizado en el día de hoy, 29 de diciembre, 3 millones. De verdad, están ciertamente ustedes de broma. Por lo tanto, yo lo único que les digo es que estamos en época de lotería, aunque ya pasó, parece que van repartiendo pedreas y firmando convenios que dejamos otros y demás, y no han tenido, Sr. Cubela, salvo alguna mochila que han comprado no han tenido ningún proyecto en todo este tiempo. Y, finalmente, aparte de desearles feliz año, desearles salud y desearles muchísima felicidad a todos, le voy a dar un consejo al Sr. Presidente y a su gobierno, pónganse ya a trabajar porque la inercia del gobierno anterior, que ciertamente es muy potente, se les va a ir acabando y por lo tanto conviene, ya digo, que se pongan a trabajar, porque como sigan movilizándolo que hizo el anterior gobierno pues ciertamente la provincia no lo va a notar. Muchas gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.



Sr. Cubela López.- Si, a verdade é que por alusións, pero do punto non dixo nada de nada, debeulle de parecer moi ben. Bueno, fóra diso, que creo que se vai aprobar por unanimidade, o único que lle quero contestar, responder máis que contestar, non sona tan ben, responder; Sr. Font, é que na certa linguaxe que nalgúns momentos utilice sexa respectuosa co goberno, nós aceptamos consellos, suxerencias e seguro que propostas de parte de todos os deputados e dos voceiros da Corporación; pero non hai que darlle ningún tipo de receta nin suxerencia nin consello ao Presidente da Deputación, ao lexítimo Presidente da Deputación. I, por suposto, non imos a entrar ao mantra do que vostedes queren crear, cen veces unha mentira non se convirte en verdade, sobre que este goberno non traballa. Miren, hai un grupo de goberno i hai uns deputados implicados nos seus servizos, na coordinación das súas áreas, nós non temos un grupo de comisarios políticos como asesores, como tiñan vostedes, que controlaban a acción dos funcionarios e das áreas, indo os deputados o primeiro día, como algunhas deputadas, a saudar ao seu servizo e non volvendo nos catro anos seguintes. Isto, temos información, ¡eh!, non o digo de cosecha propia. Despois, mire, ¡oian!, tamén non digan medias verdades como hoxe se recollen na prensa, eu agradezo que haxa funcionarios comprometidos na administración local, que nalgún momento puntual traballen de noite, pero ata aí, quero dicir, os membros da Corporación do Concello de Cerdedo-Cotobade, estaban avisados in voce por min de que ía haber un Pleno ao día seguinte i que en canto estiveran os informes de resposta ás alegacións presentadas polo Grupo Municipal Socialista do Concello, ás ordenanzas fiscais que debían de publicarse hoxe se convocaría. Convocouse ás doce da noite non ás catro da mañá, non é o mesmo, non é o mesmo. ¿Que pasa?, que claro, hai que ir aos actos que convoca o concello, como o que convocou esa mañá o grupo de goberno para entregar chaves de vivendas sociais, non houbo presenza dos concelleiros socialistas, houbo que ir a un funeral no que estaba invitado todo o mundo, polo cabodano das vítimas do accidente de Pedre onde non había nin unha soa persoa, institución, representante, gobernada polo Partido Socialista. Miren, que detalle tan feo, ese é un detalle moito máis feo que convocar un Pleno ás doce da noite para resolver unhas alegacións que xa se sabía que se ía a celebrar. Y remato felicitando hoxe ao Grupo Socialista por comezar a darse conta que están na oposición i que teñen que fiscalizar ao equipo de goberno, pero tamén por felicitalos por darse conta do novo talante do Presidente da Deputación, se vivíramos este debate neste punto coa anterior Presidenta dende as tres primeiras palabras do Sr. Font se lle diría, -Sr. Cubela, ciñase ao punto da orde do día-, e o Sr. Presidente deixoulle falar de todo o que quixo que aínda sigo sin saber que



tiña que ver con este punto. Con todo, feliz ano a todos os membros desta Corporación.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Pues también, pues también por alusiones, Sr. Cubela. No me cuente nada de lo que ocurrió en Cerdedo-Cotobade, yo simplemente creo que en plan simpático hacia usted, dije que tenía el récord de convocar, y es verdad que convocó creo un primer Pleno a las doce de la noche, pero luego la siguiente fué a las cuatro y pico de la mañana, y es muy simpático que de los 27 que estamos aquí pues haya un alcalde que haya convocado a esa hora. Mire, ya le ocurrió los cuatro años anteriores, pero cuando quiere dar lecciones a los demás cae en contradicciones, porque claro, el pedirme a mí que sea respetuoso con el Presidente de la Diputación y a continuación hablar usted y difamar y tachar de comisarios políticos a asesores que desarrollaron su trabajo dentro de un régimen muy digno de servicio a esta Diputación Provincial, pues es ciertamente indignante. Mire, comisarios políticos los tendrán ustedes, porque los tuvieron y muchos, porque el Sr. Louzán después de ser Presidente cobró como asesor de esta Diputación sin pisar un día este edificio. Por lo tanto, no están ustedes para dar lecciones absolutamente a nadie. Y ya utilizaron el tema del personal eventual, y claro, cuándo tengamos que referirnos a personal eventual pues a lo mejor también ante la provocación de usted habrá que hacerlo, porque precisamente es de lo que menos deberían hablar. Por lo tanto, reivindico el que todo el personal de confianza, eventual, que durante ocho años realizó su tarea aquí no fue ningún comisario político, y fue colaborador, y estuvo al servicio de esta Institución. Y este mantra de que se daba instrucciones a los técnicos y demás, no, muy al contrario Sr. Cubela, en ocho años se mantuvo el criterio de los técnicos, le contarán lo que quiera. Y mire, si me felicita por haber asumido el que somos oposición, pero si lo dije el primer día, Sr. Cubela, si debe revisar las actas, si el que habló en el discurso de toma de posesión del Sr. López fui yo y lo primero que hice fue un reconocimiento. Ahora, eso si, usted está en la incomodidad de que este Grupo Socialista va a hacer real oposición, la que no hicieron ustedes, entre otras cosas porque no se enteraron ni de lo que hacíamos ni de cómo lo hacíamos, en favor de los concellos, y todavía hoy cuestionan el Plan Concellos. Feliz año, que nos seguiremos viendo en este Pleno y ya verán ustedes cosas que dijeron donde terminan. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.



Sr. Cubela López.- Si, Sr. Font, a verdade é que o Presidente da Deputación, o candidato a Presidente da Deputación nese momento, que se ía a someter a votación do Pleno, para a súa investidura, fixo un discurso de altura, por certo, que non fixo vostede, o que lle obrigaron a facer, porque estou seguro que non partiría de vostede facer o tono, nin o recordatorio, nin era o día nin o momento do contido dese discurso. Si, foi un discurso moi tedioso e dende o odio ademais. Miren, se queren dar leccións manden un recado, manden un recado, se queren ser exemplares, foi a primeira investidura nesta casa á que non acude a Presidenta saínte a felicitar e a presenciar a toma de posesión do novo Presidente, si, si, é un efecto moi malo, a verdade é que manden o recado, pídlollo eu, non tiveron nunca a oportunidade de dicirlllo, pero hoxe vouno a facer. I por último, i por último, miren, cada un ten as súas lexítimas aspiracións, estamos en política, aquí facemos política, cada un defende a súa casa particular, nós defendemos a nosa e comprendemos que vostedes teñan que dicir ás veces o que digan, aínda que non esteamos de acordo. Pero hoxe neste espírito navideño non vamos a someter a debate o mantra do que vostedes pretenden facer. Vamos a seguir con esta liña de traballo, que é contar cos concellos, que é contar coas iniciativas dos concellos e dar os instrumentos técnicos, xurídicos i políticos para que poidan ter a maior capacidade de decisión e a maior autonomía municipal para tomar as súas decisións e impulsar as súas iniciativas. Miren, nós si fomos leais na oposición, nós aprobamos o 100% das propostas de modificacións de crédito que vostedes trouxeron aquí sempre, sempre, o 90% da orde do día sempre a aprobamos por unanimidade, xa veremos que pasa nestes próximos anos. I simplemente, antes de desexarlles por último, feliz ano, porque estou no meu turno último de intervención, só lle quero dicir unha cousa, que cando queiran facer unha proposta ao Presidente da Deputación o Presidente vaise sentar con vostedes a escoitalos, a tomar nota, e sobre todo, se queren, a chegar a acordos, que foi a posibilidade que eu non tuven con vostedes. Moitas gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Vamos a proceder á votación, que vou a recuperar o punto da orde do día, porque da Praza de Barcelos non se falou moito, por eso que, vamos a ... Quinto punto da orde do día que sometemos a votación que é: Aprobación da Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.



ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen o obxectivo compartido da remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos. Esta intervención permitirá unha reorganización do espazo público, dotándoo dunha maior seguridade e accesibilidade.
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra estableceron as pautas de colaboración para levar a cabo a “Remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos” e así, en data 25/03/2022 o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 4.7769 polo que se aprobou o “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos” no que se establece un orzamento de 2.071.876,00€, e cuxa financiación corresponde integramente á Deputación, correspondendo a cantidade de 1.208.594,33€ á anualidade 2022 e 863.281,67€ á anualidade 2023. O convenio foi asinado polas partes en data 05/04/2022.
- En data 17/11/2023, con núm. de rexistro WEB2023063745, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar a vixencia do mesmo, ao preverse por parte do concello que non será posible a execución e finalización no prazo estipulado na cláusula décima do convenio, isto é, o 31/12/2023, por mor dun retraso na planificación prevista para a execución da obra debida á ocupación da vía pública con estadas e acopios de edificios situados na praza, así como ás chuvias producidas dende mediados de outubro.
- En data 24/11/2023, á vista dos antecedentes, reúnen os membros da Comisión de Seguimento deste convenio e, acórdase por unanimidade prorrogar a vixencia do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos”, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024.
- A cláusula décima do convenio contempla que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do



contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

- Na data 05/12/2023, con número de rexistro WEB2023067025, o concello remite certificado de acordo de aprobación da addenda pola Xunta de Goberno Local para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos.
- Remitida polo concello a documentación necesaria para a formalización da addenda, en data 05/12/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de addenda (CSV: 5UTY5NB3F5M1QE3N) e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe favorable o día 14/12/2023 (CSV: BL11W5KYY9QGMQML).
- O día 22/12/2023 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a aprobación da addenda para prorrogar a vixencia do citado convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos.

Consideracións xurídicas

Competencia

- Artigo 25.2.d) da LRBRL, en concordancia co artigo 80.2.d) da LALGA que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como da ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística, a promoción e xestión de vivendas, os parques e xardíns, a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais.
- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47^a e 48^a de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 10^a do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16^a de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de



terceiros, informo favorablemente a sinatura dunha “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos” a fin de dar continuidade ao convenio asinado, estendendo o prazo de execución e finalización da obra ata o 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos”.

–

O texto da addenda literalmente transcrito di como segue:

“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE REMODELACIÓN DO VIARIO PERIMETRAL DA PRAZA DE BARCELOS

Na data da sinatura electrónica

INTERVENIEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de Secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.



Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPONEN

I.- Que con data de 5 de abril de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos.

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula décima, indica que:

“O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31/12/2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 30/04/2024.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula novena do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.

IV.- Que o día 24 de novembro de 2023 a dita comisión réunese con motivo de non ser posible a realización das actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula décima, isto é, o 31/12/2023, dado o retraso na planificación prevista para a execución da obra, por mor da ocupación da vía pública con andamios e acopios de edificios situados na praza, así como ás chuvias producidas dende mediados de outubro, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024, co obxecto de adecuar o convenio ás necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario perimetral da Praza de Barcelos” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de remodelación do viario



perimetral da Praza de Barcelos”, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31/10/2024 e o prazo para a súa xustificación ata o día 31/12/2024.

Segunda.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 5 de abril de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

Polo Concello de Pontevedra

O Presidente,

O Alcalde,

Luis López Diéguez

Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario,
Carlos Cuadrado Romay

O Secretario,
José Carlos Castiñeira Piñeiro”

- Facultar ao Presidente para formalizar a devandita addenda ao convenio mediante a súa sinatura.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

Sr. Presidente.- Creo que os seguintes puntos da orde do día chegouse ao acordo entre Voceiros de non intervencións, polo tanto, procedemos xa á votación despois de ...

6.8105.- **APROBACIÓN DA ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO DE PONTEVEDRA (ZONA SUR) (EXPTE. 2022072616 - 2023076683)**

Sr. Presidente.- Ben, sexto punto da orde do día, para proceder á votación. Aprobación da Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración



entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (Zona sur).
¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra teñen como obxectivo compartido a renovación da iluminación pública na zona sur do casco urbano de Pontevedra. Esta intervención permite mellorar a calidade do servizo en materia de eficiencia enerxética e redución das emisións de CO₂ no municipio, pois o proxecto de obras previsto contén as máis estritas condicións técnicas en materia de eficiencia enerxética, en concreto, as fixadas polo Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (IDAE).
- Para dar cumprimento ao obxectivo referido no parágrafo anterior, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra estableceron as pautas de colaboración para levar a cabo a “Renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)” e así, en data 21/12/2022 o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria, adoptou o acordo núm. 6.7906 polo que se aprobou o “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)” no que se establece un orzamento de 1.578.347,27€, e cuxa financiación corresponde integramente á Deputación, correspondendo a cantidade de 827.000,00€ á anualidade 2022 e 751.347,27€ á anualidade 2023. O convenio foi asinado polas partes en data 30/12/2022.
- En data 17/11/2023, con núm. de rexistro WEB2023063751, o Concello de Pontevedra solicita a convocatoria dunha reunión da Comisión de Seguimento, co obxecto de valorar a conveniencia de prorrogar a vixencia do mesmo, ao preverse por parte do Concello que non será posible a execución e finalización da actuación no prazo estipulado na cláusula décima do convenio, isto é, o 31/12/2023, debido ás dificultades existentes para o desenvolvemento dos traballos en altura a causa dos fortes refachos de vento, así como para o desenvolvemento da obra civil, debido ás fortes choivas, inundacións e estancamentos de auga nos últimos meses.



- En data 24/11/2023, á vista dos antecedentes, reúnen os membros da Comisión de Seguimento deste convenio e, acórdase por unanimidade prorrogar a vixencia do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)”, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024.
- A cláusula décima do convenio contempla que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.
- Na data 05/12/2023, con número de rexistro WEB2023067027, o concello remite certificado de acordo de aprobación da addenda pola Xunta de Goberno Local para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur).
- Remitida a documentación necesaria para a formalización da addenda por parte do concello, en data 05/12/2023 a xefa do Servizo de Cooperación informa a proposta de addenda (CSV: GP1U95ZIKMH802RP) e, pola súa banda, a Intervención provincial emite informe favorable o día 14/12/2023 (CSV: AT57MCUS9PHFTYM0).
- O día 22/12/2023 someteuse ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais a aprobación da addenda para prorrogar a vixencia do citado convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento da Deputación.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra (Ordenanza Xeral).
- Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur).

Consideracións xurídicas

Competencia

- Artigo 25.2.d) e b) e artigo 26.1.a) da LRBRL, que atribúe ás administracións municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade e medio ambiente urbano, en concreto, protección contra a contaminación lumínica nas zonas urbanas. Todo elo, en concordancia co artigo 80.2 da LALGA que dispón que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso como competencias propias e esenciais, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, en materia de infraestruturas e equipamentos de titularidade municipal, así como nas de medio ambiente urbano, en particular, na de protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.



- Artigo 31 da LRBRL, que encomenda ás deputacións que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, recolléndose no seu artigo 36 como competencia propia das deputacións a asistencia e cooperación económica aos concellos. A estes efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación municipal, para o que poderá outorgar subvencións ou axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e mantemento de obras e servizos municipais.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia da addenda

- Artigo 49.f) da LRXSP que recolle como contido mínimo dos convenios os mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos.
- Artigo 49.h.2º) da LRXSP, que establece como regra ao respecto da vixencia dos convenios, que en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de hasta catro anos adicionais.
- Cláusula 10ª do convenio, que indica que no caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do



contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e en base ás precedentes consideracións e ao interese público que representa esta actuación para a cidade de Pontevedra, da veciñanza e resto de potenciais visitantes da cidade, e visto que o convenio se atopa vixente e que a addenda solicitada non excede dos límites establecidos pola lexislación aplicable, visto que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros, informo favorablemente a sinatura dunha “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)” a fin de dar continuidade ao convenio asinado, estendendo o prazo de execución e finalización da obra ata o 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedente co seu superior criterio decidirá.

Á vista dos informes da xefa do Servizo de Cooperación e da Intervención Provincial, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais, o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar a “Addenda para prorrogar a vixencia do Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)”.

O texto da addenda literalmente transcrito di como segue:



“ADDENDA PARA PRORROGAR A VIXENCIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEVEDRA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO AS OBRAS DE RENOVACIÓN DA ILUMINACIÓN PÚBLICA NO CENTRO URBANO DE PONTEVEDRA (ZONA SUR)

Na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha banda, D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra parte, D. Miguel Anxo Fernández Lores, Alcalde do Concello de Pontevedra, actuando en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Actúan D. José Carlos Castiñeira Piñeiro, en calidade de Secretario do Concello de Pontevedra, e D. Carlos Cuadrado Romay en calidade de Secretario da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e reconécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización desta addenda, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Que con data de 30 de decembro de 2022 asinouse o Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur).

II.- Que o convenio asinado, na súa cláusula décima, indica que:
“O investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 31 de decembro de 2023, fixándose un prazo de xustificación ata o 31 de marzo de 2024.
No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data poderase estender a súa vixencia, previa emisión do informe da comisión de seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.”

III.- Que a cláusula novena do convenio prevé unha Comisión de Seguimento para o seguimento e coordinación da execución do mesmo, así como para a resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación.



IV.- Que o día 24 de novembro de 2023 a dita comisión reúnese con motivo de non ser posible a realización das actuacións previstas no prazo de execución e finalización de obra estipulado na cláusula décima, isto é, o 31/12/2023, estando motivado o retraso nas dificultades para o desenvolvemento dos traballos en altura a causa dos fortes refachos de vento, así como para o desenvolvemento da obra civil, debido ás fortes choivas, inundacións e estancamentos de auga nos últimos meses, polo que se acorda por unanimidade prorrogar a vixencia do convenio, establecendo como prazo de execución e finalización da obra a data límite do 31/10/2024, e fixando como prazo de xustificación ata o 31/12/2024, co obxecto de adecuar o convenio as necesidades de execución real das obras.

V.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar unha addenda co obxecto de proceder á adecuación temporal do “Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)” conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Pontevedra acordan adecuar o prazo de vixencia do “Convenio de colaboración entre a Concello de Pontevedra e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo as obras de renovación da iluminación pública no centro urbano de Pontevedra (zona sur)”, ampliándose o prazo de execución e finalización do investimento ata o día 31 de outubro de 2024 e o prazo para a súa xustificación ata o día 31 de decembro de 2024.

Segunda.- En todo o demais, o texto do convenio asinado en data 31 de decembro de 2022 mantense invariable, suxeitándose as partes ao seu clausulado.

E para que así conste, en proba de conformidade, as partes que interveñen asinan a presente addenda na data da sinatura electrónica.

Pola Deputación Provincial

Polo Concello de Pontevedra

O Presidente,

O Alcalde,

Luis López Diéguez

Miguel Anxo Fernández Lores

O Secretario,
Carlos Cuadrado Romay

O Secretario,
José Carlos Castiñeira Piñeiro”

– Facultar ao Presidente para formalizar a devandita addenda ao convenio mediante a súa sinatura.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Pontevedra, á Intervención, ao Servizo de Cooperación, ao Gabinete da Presidencia e ao Gabinete de Prensa.

7.8106.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “REFORMA E AMPLIACIÓN DA BIBLIOTECA MUNICIPAL TORRENTE BALLESTER DE BUEU” PRESENTADO POLO CONCELLO DE BUEU AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021040028 - 2023076702)**

Sr. Presidente.- Sétimo punto da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Reforma e ampliación da Biblioteca Municipal Torrente Ballester de Bueu” presentado polo Concello de Bueu ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Bueu con destino á execución da actuación denominada “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 916.559,80€ e a subvención concedida a 687.419,85€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 229.139,95€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022001086 de 14/02/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 17/02/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación



supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Por acordo núm. 8.31497 da Xunta de Goberno do 25/03/2022 concedeuse unha subvención ao dito concello por importe de 229.139,95€, con cargo á anualidade 2022 do Plan Concellos 2022-23, para financiar a totalidade da achega municipal do investimento do Programa ReacPon (Expte.2022008873).
- Na data 29/07/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 915.565,65€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 994,15€ (0,11%), formalizándose o contrato administrativo o 19/08/2022.
- Na data 30/11/2022 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022060881) o certificado do acordo adoptado polo Pleno Municipal de data 24/11/2022 de aprobación da resolución por mutuo acordo do contrato da obra adxudicado o día 29/07/2022 á empresa Obras Gallaecia, SL. O acordo foi tomado con base na solicitude de resolución do contrato presentada pola empresa adxudicataria (que foi a única que se presentou á licitación). A empresa motivou a solicitude de resolución do contrato no incremento substancial dos prezos respecto dos estipulados no proxecto.
- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 8.7908, adoptado na súa sesión ordinaria de data 21/12/2022, aprobou o proxecto reformulado da actuación denominada “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, segundo o proxecto presentado polo concello no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2022062636) na data 12/12/2022 (proxecto redactado en novembro de 2022 e aprobado polo Pleno da corporación municipal de data 09/12/2022). O orzamento do antedito proxecto ascende a 1.108.321,90€, o que supón un incremento de 191.762,10€ (20,92% sobre o orzamento inicial).
- Por acordo núm. 7.32265 da Xunta de Goberno do 17/02/2023 concedeuse unha subvención ao concello por importe de 191.762,10€, con cargo á anualidade 2023 do Plan Concellos 2022-23, para financiar o incremento da achega municipal resultante do reformulado do proxecto (Expte. 2023005450).
- Mediante a resolución presidencial núm. RP2023004263 de data 29/05/2023 aprobouse a Addenda ao Convenio, que se asinou o 01/06/2023.
- O concello, na data 02/05/2023, adxudica o contrato administrativo de obra á empresa Construcciones Castro Figueiro SLU, por un importe de 986.184,82€, resultando unha baixa de adxudicación de 122.137,08€. O contrato formalizouse o 09/05/2023.
- Na data 08/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (rexistro núm. WEB2023061972) un informe da directora de obra, no que se motiva a



necesidade de modificación do proxecto e no que se indica que certos cambios se propoñen para garantir a seguridade estrutural do edificio e a seguridade dos usuarios en caso de incendio e outros, propóñense atendendo ao prazo de execución da obra pola súa supeditación á subvención concedida pola Deputación. No referido informe tamén se indica que se estima que non se vai producir unha variación que derive nunha alteración do equilibrio económico en beneficio do contratista e que as modificacións propostas non se consideran substanciais e son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias para cumprir cos obxectivos do interese público previsto. O concello tamén presenta (registro núm. WEB2023061972) a resolución de autorización de iniciación do expediente de modificación do contrato da obra.

- Na data 16/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023063380) o proxecto modificado da actuación “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.245.778,78€, o que supón un incremento de 137.456,88€, resultando un 12,40% sobre o orzamento do proxecto reformulado.
- Na data 23/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023064584) o compromiso de financiar, con fondos propios municipais, o exceso do importe da modificación do proxecto que supere o importe da baixa de adxudicación.
- Na data 30/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023065975) un oficio da alcaldía dando traslado da dilixencia do redactor do proxecto na que se fai constar erro no orzamento que figura no capítulo 6 (memorias) do documento I do proxecto modificado e tamén presenta a referida dilixencia.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 01/12/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas segundo o artigo 205 2.b) da Lei de Contratos do Sector Público e representan un incremento do 12,40%. Os cambios consisten en modificacións nas zapatas e nos pilares previstos inicialmente, modificación das partidas de luminarias e do estudo de seguridade e saúde pola aparición de placas de fibrocemento e substitución da tabiquería e do trasdosado de fachada por un sistema de dobre placa de xeso. Os cambios non afectan aos aspectos técnicos nin os obxectivos da Axenda 2030 nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin



afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e, polo tanto, tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- Na data 07/12/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (rexistro núm. WEB2023067279) a Resolución da alcaldía de aprobación do proxecto modificado.
- Na data 11/12/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Bueu para a execución da actuación denominada “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu” no marco do Programa ReacPon, modificado pola addenda asinada o 01/06/2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.



- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver



- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16^a de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Bueu para a execución da actuación denominada “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramita o oportuno expediente debido a circunstancias sobrevidas, que “son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias para cumprir cos obxectivos do interese público previsto” e que “as modificacións propostas non se consideran substanciais”.

Visto que o concello asume o financiamento, mediante fondos propios, do importe que supere o importe da baixa de adxudicación (o proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 137.456,88 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 122.137,08€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 122.309,13€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do concello).

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 01/12/2023, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas segundo o artigo 205 2.b) da Lei de Contratos do Sector Público, que non afectan aos aspectos técnicos nin aos obxectivos da Axenda 2030 nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin afectan ás autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e, polo tanto, tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para



a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 01/12/2023 (CSV: R1XDEBFP3Y63I24A), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 07/12/2023 (CSV: U1MYK5G494GP93MG), o informe de Intervención de 11/12/2023 (CSV: N8B5H2ZFRS0YOSZH), e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/12/2023 (CSV: JLG5LFXA9FIQSWD5), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Reforma e ampliación da Biblioteca municipal Torrente Ballester de Bueu”, presentado polo Concello de Bueu ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Bueu, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

8.8107.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “HUMANIZACIÓN DA PRAZA ANA PASTOR NO CONCELLO DE CRECENTE” PRESENTADO POLO CONCELLO DE CRECENTE AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039787 - 2023076704)**

Sr. Presidente.- Oitavo punto da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Humanización da Praza Ana Pastor no Concello de Crecente” presentado polo Concello de Crecente ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Crecente con



destino á execución da actuación denominada “Humanización da Praza Ana Pastor no Concello de Crecente” ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 409.008,14€ e a subvención concedida a 359.770,45€ (87,96%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 49.237,69€ (12,04%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000345 de 20/01/2022, aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 25/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2022000596 de 28/01/2022, no marco do Plan Concellos 2022-2023 (Expte.2021066307), concedeuse unha subvención ao concello por importe de 49.237,69€, co obxecto do financiamento da achega municipal ao investimento “Humanización da Praza Ana Pastor”.
- Na data 04/07/2022 o concello adxudica o contrato das obras para realizar o investimento por un importe de 333.546,13€, do que resulta unha baixa de adxudicación de 75.462,01€ (18,45%). En data 05/07/2022 formalízase o correspondente contrato administrativo.
- Na data 08/11/2023, e debido a que durante o transcurso das obras se observaron certas deficiencias nas infraestruturas sobre as que se pretendía actuar, o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023062015) un enlace para descargar o proxecto modificado, e solicita que a Deputación o supervise e preste a súa conformidade se así corresponde, e que se autorice o reinvestimento da baixa do proceso de contratación.
- Na data 09/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2023062293, WEB2023062294, WEB2023062296 e WEB2023062298) o proxecto modificado. O orzamento do novo proxecto ascende a 501.542,79€, o que supón un incremento de 92.534,65€ (22,62% sobre o orzamento do proxecto inicial).



- Na data 28/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. Rex. WEB2023065303) o certificado da aprobación do expediente de modificación do contrato de obras nos termos que se indican no proxecto modificado.
- Na data 30/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023065922) o certificado da aprobación por parte da Alcaldía do proxecto modificado.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na data 1 de decembro de 2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos dan resposta a imprevistos xurdidos durante as obras debido a deficiencias que afectan ás redes de saneamento, a recollida de pluviais, ao subministro de enerxía eléctrica e a rede de telecomunicacións; e a diferencias de medicións nos pavimentos. Os cambios incrementan o orzamento de adxudicación nun 22,62%. A superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove. Mantense a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.
- Na data 11/12/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das



Entidades Locais (ROFRXEL).

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución da actuación denominada “Humanización da Praza Ana Pastor no Concello de Crecente” no marco do Programa ReacPon.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.



Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe



das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos provinciais para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Crecente para a execución da actuación denominada “Humanización da Praza Ana Pastor no Concello de Crecente”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramitou o oportuno expediente motivado pola necesidade de dar resposta a imprevistos xurdidos durante a execución das obras.

Visto que o proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 92.534,65 €, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 75.462,01€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 75.462,01€ que pode financiarse coa dita baixa.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa ReacPon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións e, en particular, no sistema de concorrencia competitiva.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 01/12/2023 acorda dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos dan resposta a imprevistos xurdidos



durante as obras, que a superficie da zona de usos peonís non se modifica, nin cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030, as políticas panca afectadas nin os principios Ágora que o proxecto promove e que se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 01/12/2023 (CSV: R1XDEBFP3Y63I24A), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 01/12/2023 (CSV: Q4Y3TBUMKKWU6LPX), o informe de Intervención de 11/12/2023 (CSV: N2WABW4W1ZPFY0OB) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/12/2023 (CSV: JFB2GSU2ME4UJB86), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Humanización da Praza Ana Pastor no Concello de Crecente”, presentado polo Concello de Crecente ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Crecente, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

9.8108.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “A REFORMA INTEGRAL DA BIBLIOTECA MUNICIPAL E XULGADOS DE MOS EN PORTELIÑA, MOS” PRESENTADO POLO CONCELLO DE MOS AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE. 2021039802 - 2023076705)**

Sr. Presidente.- Noveno punto da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “A reforma integral da Biblioteca Municipal e Xulgados de Mos en Porteliña, Mos” presentado polo Concello de Mos ao abeiro do Programa Reacon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo



procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Mos con destino á execución da actuación denominada “A reforma integral da Biblioteca municipal e xulgados de Mos en Porteliña, Mos”, segundo o proxecto redactado no mes de xullo de 2021 e emendado no mes de setembro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).

- O orzamento do investimento ascendía a 481.375,53€ e a subvención concedida a 361.031,65€ (75%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 120.343,88€ (25%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000202 de 14/01/2022 aprobouse, o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 19/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.
- Na data 22/06/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 480.370,00€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 1.005,53€ e formalizándose o contrato administrativo o 28/06/2023.
- Na data 28/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023065301) o proxecto modificado da actuación “Reforma integral da Biblioteca municipal e xulgados de Mos en Porteliña, Mos”. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación, que ascende a 481.375,53 €. O concello tamén presenta (registro núm. WEB2023065362) a solicitude de autorización para a modificación do proxecto.
- Na data 30/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (registro núm. WEB2023065833), entre outros documentos, o certificado do acordo da Xunta de Goberno de aprobación do proxecto modificado.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon na sesión de data 01/12/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas segundo o artigo 205 2.b) da Lei de Contratos do Sector Público e non representan incremento sobre o proxecto primitivo. Os cambios consisten en substitución do material



de cuberta de zinc por tellas cerámicas cor gris, solución dos problemas de estabilidade detectados nos piares exteriores e substitución do material da fachada. Estes cambios non afectan aos aspectos técnicos, nin aos obxectivos da Axenda 2030, nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e, polo tanto, tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

- Na data 07/12/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).



- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19–Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución da actuación denominada “A reforma integral da Biblioteca municipal e xulgados de Mos en Porteliña, Mos” no marco do Programa ReacPon, modificado pola addenda asinada o 14/07/2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.



- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Mos para a execución da actuación denominada “A reforma integral da Biblioteca municipal e xulgados de Mos en Porteliña, Mos”, no marco do



Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello tramita o oportuno expediente debido a circunstancias sobrevidas, que “son as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias para cumprir cos obxectivos do interese público previsto” e que “as modificacións propostas non se consideran substanciais”.

Visto que o importe total do orzamento do proxecto modificado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 01/12/2023, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas segundo o artigo 205.2.b) da Lei de Contratos do Sector Público e que non afectan aos aspectos técnicos, nin aos obxectivos da Axenda 2030, nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e, polo tanto, tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 01/12/2023 (CSV: R1XDEBFP3Y63I24A), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 02/12/2023 (CSV: O6BK5APIHTURUYMH), o informe de Intervención de 07/12/2023 (CSV: M25W3QZ9YGL2VBF4), e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/12/2023 (CSV: J1KKV1EB98VDA5FM), o Pleno acorda por unanimidade:



- Aprobar o proxecto modificado da actuación “A Reforma Integral da Biblioteca municipal e xulgados de Mos en Porteliña, Mos”, presentado polo Concello de Mos ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Mos, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

10.8109.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A NOVA CASA CONSISTORIAL DE SILLEDA, FASE I, NATURALMENTE NOSO” PRESENTADO POLO CONCELLO DE SILLEDA AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPTE 2021039569)**

Sr. Presidente.- Punto número 10 da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Proxecto básico e de execución para a nova casa consistorial de Silleda, fase I. Naturalmente noso” presentado polo Concello de Silleda ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Silleda con destino á execución da actuación denominada “Proxecto básico e de execución para a Nova Casa Consistorial de Silleda, Fase I naturalmente noso”, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.802.893,51€ e a subvención concedida a 713.249,55€ (39,56%), completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 1.089.643,96€ (60,44%).
- Segundo o previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2022000421 de 24/01/2022 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 31/01/2022. Na súa cláusula 6ª recóllese que, de



xurdir a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

- Na data 19/05/2022 o concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.628.012,83€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 174.880,68€ (9,70%), formalizándose o contrato administrativo o 14/06/2022.
- Na data 09/11/2023 o concello presenta, en formato físico (USB), no Rexistro da Deputación (núm. rexistro REX_2023021594) o proxecto modificado da actuación “Proxecto básico e de execución para a nova Casa Consistorial de Silleda, fase I”, as autorizacións sectoriais (Patrimonio e AESA) e documentación aclaratoria. Os cambios introducidos no proxecto non modifican o importe total do orzamento da actuación, que ascende a 1.802.893,50 €.
- Na data 10/11/2023, o concello presenta (núm. rexistro REX_WEB2023062428) un certificado do acordo do Pleno municipal de aprobación definitiva do proxecto modificado.
- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, na súa sesión de data 01/12/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non previstas e non representan incremento respecto ao proxecto primitivo. Estes cambios consisten en modificar as estruturas portantes, dos forxados e cubertas por outros máis lixeiros para o seu apoio na estrutura existente que resultou non ser portante como se considerou, modificar algúns dos compoñentes internos do cerramento da fachada (duplicados no proxecto orixinal) e en cambios nos acabados debido a incongruencias entre as definicións gráficas e os textos explicativos das memorias, medicións e orzamento, tamén se cambiaron materiais de difícil ou exclusiva fabricación así como aqueles que incumpren o CTE. Os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos da Axenda 2030 nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e, polo tanto, tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.



- Na data 11/12/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).



- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución da actuación denominada “Proxecto básico e de execución para a nova Casa Consistorial de Silleda, Fase I. naturalmente noso” no marco do Programa ReacPon, modificada pola addenda asinada o 24/03/2023.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación



da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Silleda para a execución da actuación denominada “Proxecto básico e de execución para a nova Casa Consistorial de Silleda, Fase I naturalmente noso”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o importe total do orzamento do proxecto modificado correspóndese co do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 01/12/2023, dá conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos obedecen a circunstancias non



previstas e que non representan incremento respecto ao proxecto primitivo. Os cambios non afectan aos aspectos técnicos, aos obxectivos da Axenda 2030 nin as políticas panca, non se reduce o aforro enerxético inicial nin afectan as autorizacións sectoriais obtidas para o proxecto orixinal, manténdose o grado de madurez e polo tanto tamén se mantén a puntuación obtida na baremación de acordo aos criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria.

Visto que o modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa Reacpon e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións, e en particular no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto e, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 01/12/2023 (CSV: R1XDEBFP3Y63I24A), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 02/12/2023 (CSV: XEJELHPXU2UHP7P5), o informe de Intervención de 11/12/2023 (CSV: VQSSLBPXEFSJ4ZA4) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/12/2023 (CSV: J5O1Z8RYA3JXPNIS), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Proxecto básico e de execución para a nova Casa Consistorial de Silleda, Fase I naturalmente noso”, presentado polo Concello de Silleda ao abeiro do Programa ReacPon.
- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Silleda, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

11.8110.- **APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA ACTUACIÓN “PROXECTO ESPAZO ISAURA GÓMEZ” PRESENTADO POLO CONCELLO DE TOMIÑO AO ABEIRO DO PROGRAMA REACPON (EXPT. 2021039754)**



Sr. Presidente.- Punto número 11 da orde do día. Aprobación do proxecto modificado da actuación “Proxecto espazo Isaura Gómez” presentado polo Concello de Tomiño ao abeiro do Programa Reacpon. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

ANTECEDENTES

- O Pleno da Corporación Provincial, mediante o acordo núm. 4.7719 adoptado na sesión extraordinaria do 17/12/2021, concedeu unha subvención polo procedemento de concorrencia competitiva ao Concello de Tomiño con destino á execución da actuación denominada “Proxecto Espazo Isaura Gómez”, segundo o proxecto redactado no mes de maio de 2021 e emendado no mes de outubro de 2021, ao abeiro do Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- O orzamento do investimento ascendía a 1.740.586,11€ e a subvención concedida a 1.108.423,05€, completándose o financiamento mediante unha achega municipal por importe de 632.163,06€.
- De acordo co previsto na base reguladora 7ª.2.h) do Programa, mediante a resolución presidencial núm. RP2021007868 de 30/12/2021 aprobouse o correspondente convenio de colaboración co fin de definir as actuacións obxecto de subvención e concretar de xeito pormenorizado as obrigas das partes, o cal se asinou o día 11/01/2022. Na súa cláusula 6ª, respecto da modificación dos contratos, recóllese que “se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente, de acordo co establecido na normativa de contratos, a modificación do proxecto, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación polo concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención”.
- Na data 31/01/2022 o Concello adxudica a realización do investimento por importe de 1.532.237,96€ (IVE incluído), resultando unha baixa de adxudicación de 208.348,15€ (11,97%), formalizándose o contrato administrativo o 14/02/2022.
- Na data 24/10/2023 o concello presenta no rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2023059166) un documento con un enlace para a descarga do proxecto modificado da actuación “Proxecto Espazo Isaura Gómez”. Na data 26/10/2023 o concello presenta no rexistro da Deputación (núms. rexistro



WEB2023059554, WEB2023059557 e WEB2023059558) o proxecto modificado. O orzamento do novo proxecto ascende a 1.992.971,11€, o que supón un incremento de 252.385,00 (14,50%) respecto do proxecto inicial. Tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de 208.348,15€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 222.174,52€, que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante con fondos propios do concello.

- Examinado o proxecto pola Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, na sesión de data 30/10/2023, acórdase que procede dar conformidade ao proxecto presentado, tendo en conta que os cambios introducidos (modificación da cimentación e da estrutura na zona próxima ao mercado municipal e o edificio de vivendas lindeiro, cambios na protección da estrutura fronte ao fogo, instalación de subministro de emerxencia, instalación de ventilación, incorporación de aseos con equipamento infantil e a mellora da seguridade de uso en ventás, confort acústico e estanquidade do edificio) dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución, que non se modifican nin alteran as partidas relacionadas coas prestacións relativas á eficiencia enerxética do edificio, mantendo espesores e características dos materiais empregados no proxecto orixinal, que non cambian os aspectos técnicos, o grao de madurez, os obxectivos propostos da Axenda 2030 nin as políticas panca afectadas que o proxecto promove, que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.
- Na data 10/11/2023 o concello presenta no Rexistro da Deputación (núms. rexistro WEB2023062476 e REX_2023021680), a memoria modificada e asinada en data 09/11/2023, un informe técnico, un informe xurídico e un informe da Intervención municipal. Tamén presenta (núm. rexistro REX_2023021684) o certificado do acordo da aprobación do proxecto modificado e o compromiso de financiar, con recursos propios, o importe da modificación que non poida ser cuberto co importe da baixa de adxudicación.
- Examinada a memoria modificada, asinada en data 09/11/2023, a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, na sesión de data 01/12/2023, acorda que procede dar conformidade ao proxecto modificado presentado, tendo en conta que a modificación da memoria débese unicamente ao cambio dos usos que provoca a reconfiguración dalgúns tabiques interiores.
- Na data 07/12/2023 a Intervención provincial emite informe de fiscalización favorable á proposta de aprobación do proxecto modificado.
- Someteuse, así mesmo, ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación



Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO do 30 de decembro de 2016 (OXSDPEPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación para o vixente exercicio.
- Bases reguladoras e convocatoria do Programa Provincial de Infraestruturas e Dotacións Singulares para a Recuperación post-Covid-19 – Programa ReacPon (Reacciona Pontevedra Provincia).
- Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución da actuación denominada “Proxecto Espazo Isaura Gómez” no marco do Programa ReacPon, modificado pola addenda asinada o 10/04/2023.



CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª do Programa ReacPon, pola que a instrución do procedemento correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da Ordenanza Xeral, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención. En concorrencia competitiva a modificación só será posible no caso de que non altere a puntuación obtida pola persoa beneficiaria



por aplicación dos criterios de concesión.

- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederáse á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.
- Cláusula 6ª do Convenio, pola que, se durante a execución da obra xurdise a necesidade de modificar o proxecto, o concello deberá redactar e xestionar administrativamente a dita modificación, que deberá ser aprobada polo órgano competente do concello. Tras a aprobación do concello, a Deputación supervisará a modificación e, de ser o caso, dará a súa aprobación, sen a cal non será posible o pago da subvención. As modificacións financiaranse co importe das baixas que se produzan no proceso de adxudicación dos contratos. O importe das baixas aplicaráselle proporcionalmente a cada administración, de maneira que se siga respectando a porcentaxe mínima de cofinanciamento asignado ao concello en función da tipoloxía da actuación e da poboación. No caso de non existir, ou de ser o importe da modificación superior ao importe da baixa, financiarase coa achega do concello ou coas doutros entes públicos.

Competencia para resolver

- A competencia correspóndelle ao Pleno da Deputación, de acordo coa Base 16ª de execución dos orzamentos da Deputación para o vixente exercicio, en virtude do artigo 33 da LRBRL e do 185 do TRLRFL.

CONCLUSIÓNS

Visto que a modificación do proxecto técnico das obras do investimento ao abeiro do Convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tomiño para a execución da actuación denominada “Proxecto Espazo Isaura Gómez”, no marco do Programa ReacPon, non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o concello asume o financiamento, mediante recursos propios, do importe que non pode financiarse contra a baixa de adxudicación xa que o proxecto modificado incrementa o orzamento de execución en 252.385,00€, tendo en conta que existe unha baixa na adxudicación por importe de



208.348,15€, ao aplicar a porcentaxe de adxudicación ao incremento, resulta un importe de 222.174,52€ que pode financiarse, en parte, coa dita baixa, e na parte restante (13.826,37€) con fondos propios do concello.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 30/10/2023, acorda dar conformidade ao proxecto presentado, poñendo de manifesto que os cambios introducidos dan resposta aos imprevistos xurdidos durante a execución, que non cambian os aspectos técnicos, nin o grao de madurez, nin os obxectivos propostos da Axenda 2030, nin as políticas panca afectadas que o proxecto promove, que se manteñen os criterios de valoración fixados nas bases da convocatoria e, polo tanto, a puntuación obtida no proceso de baremación non se modifica.

Visto que a Comisión de persoas expertas do Programa ReacPon, reunida en sesión de data 01/12/2023, acorda dar conformidade ao proxecto presentado coa memoria modificada e asinada na data 09/11/2023.

Visto que o proxecto modificado se presenta antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Programa REACPON e que co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación, que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións e, en particular, no sistema de concorrencia competitiva.

Por todo o exposto, e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos sinalados, a acta da sesión da Comisión de persoas expertas celebrada o 01/12/2023 (CSV: R1XDEBFP3Y63I24A), o informe da xefa do Servizo de Cooperación de 02/12/2023 (CSV: T0TRDXDKIAF532RN), o informe de Intervención de 07/12/2023 (CSV: 7R6A1Y5CDKMHI8JP) e o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais de data 22/12/2023 (CSV: JL4BF42NA6PNIEYP), o Pleno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto modificado da actuación “Proxecto Espazo Isaura Gómez”, presentado polo Concello de Tomiño ao abeiro do Programa ReacPon.



- Dar traslado do presente acordo ao Concello de Tomiño, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

12.8111.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE VIGO DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2003 CORUXO – CANIDO (EXPTE. 2022045346)**

Sr. Presidente.- Punto número 12 da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Vigo da estrada provincial EP-2003 Coruxo-Canido. ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

“Antecedentes.

En data 6 de marzo de 2023 o Concello de Vigo presenta no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro 2023004878) o acordo da Xunta de Goberno municipal polo que se solicita a transferencia da estrada provincial EP-2003 Coruxo–Canido a prol do Concello de Vigo.

A Estrada Provincial EP-2003 Coruxo–Canido, de 1.624 metros de lonxitude total, forma parte da extensa rede de estradas de titularidade da Deputación Provincial de Pontevedra, discorrendo integramente polo termo municipal de Vigo, este viario ten a denominación de Estrada do Vao no rueiro municipal do concello.

No ano 2019 esta estrada foi obxecto de melloras de humanización e de seguridade viaria que consistiron na instalación de pasos de peóns sobreelevados (PPS), reasfaltado e novo pintado da sinalización horizontal. En continuación destas obras a Deputación de Pontevedra executou o proxecto de “Mellora das interseccións e acondicionamento no entorno da Estrada do Vao, EP-2003” que complementan as primeiras obras e permiten acadar a mellora integral deste viario.

O 13 de marzo de 2023 os Servizos Técnicos e o Director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Vigo da antedita vía.

Consideracións:



1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, e 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial da vía obxecto de transferencia en CATRO MILLÓNS SEISCENTOS UN MIL TRESCENTOS TRINTA E TRES EUROS (4.601.333,00 €) e motívanse os cambios de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“A Estrada Provincial EP-2003 Coruxo–Canido, está situada nun entorno de carácter, funcionalidade e clasificación urbanística de solo urbano, trátase dun viario que vertebra a parroquia de Coruxo nunha zona amplamente urbanizada e con equipamentos públicos como o Colexio Divino Salvador, a Oficina Municipal do Distrito de Coruxo, zonas deportivas e de ocio, o acceso á Praia de O Vao, servindo tamén de acceso previo ao Centro de Saúde de Coruxo.

Esta estrada provincial ten unha elevada densidade edificatoria nas súas marxes, a sección media é aproximadamente duns 12 metros de ancho conformando aliñacións consolidadas polos peches e edificacións existentes. Conta con beirarrúas a ambas marxes, bandas laterais para o aparcamento de vehículos, alumeadado público e o resto dos servizos urbanísticos como o saneamento de augas pluviais e residuais, abastecemento de auga, e servizos de telecomunicacións.



Polo tanto, esta estrada xa non conta co carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Vigo poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación da mesma a súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre ela para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público, infórmase favorablemente ao seu cambio de titularidade a favor do Concello de Vigo de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e no artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no artigo 29 da Lei 5/2011, de 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.



Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Estes informes foron emitidos favorablemente en datas 1 de decembro e 14 de decembro de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Vigo da estrada provincial EP-2003 Coruxo–Canido.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello”.

13.8112.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Non houbo.

b) Parte de información e control:

14.8113.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2023 (EXPTES. 2023075660 – 2023073396)**

Sr. Presidente.- Agora pasamos á parte de información e control que son, o punto número 14 da orde do día que é: Dar conta do informe de Intervención do



período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro do ano 2023.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de novembro de 2023, asinado conxuntamente pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 11 de decembro de 2023, onde deixan constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de novembro de 2023 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES NOVIEMBRE 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Novembro	6,0010511712	4.250.202,22	6,3465284210	962.992,21	6,0648684534



Escola de Enfermería	Novembro	17,0000000000	2.374,02	0,0000000000	0,00	17,0000000000
Consortio de Incendios e Salvamento	Novembro	16,4396289239	98.997,49	3,2703030578	18.085,33	14,4054141333
Consortio Deza Tabeirós	Novembro	8,3233781300	8.483,97	9,1252004100	1.758,86	8,4610640171
TOTAL			4.360.057,70		982.836,40	6,2570936097

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 22 de decembro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de novembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

15.8114.- **DAR CONTA DA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DE DATA 22 DE NOVIEMBRE DE 2023 (NÚM. REXISTRO 2023008730) DECLARANDO A EMERXENCIA NA TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE NOIRO NA EP-0018 XEVE-AMIL-ESPEDREGUEIRA, PQ 6+000 (CONCELLO DE PONTEVEDRA)” (EXPTES. 2023075661 – 2023070346)**

Sr. Presidente.- Punto número 15. Dar conta da Resolución Presidencial de data 22 de novembro de 2023 declarando a emerxencia na tramitación do



procedemento de contratación da obra “Reparación de noiro na EP-0018 Xeve-Amil-Espedregueira a partir do quilómetro 6, no Concello de Pontevedra”. Só dou conta.

Por Resolución Presidencial número 2023008730 de data 22 de novembro de 2023 acordouse adxudicar á empresa, Construcciones E.C. Casas, S.L. (CIF B36147429), o contrato para a execución da obra “Reparación de noiro na EP-0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 120.000,00 euros, IVE engadido, cuxo contido é o seguinte:

Nº Expediente	2023070346
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para a "Reparación de noiro na EP-0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de noiro na EP-0018 Xeve-Amil-Espedregueira, PQ 6+000 (Concello de Pontevedra)". Este informe ten asignado no expediente o CSV: LALLQ1LTJEATDYVL.

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: “...Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante a terceira semana do mes de outubro detectouse un desmoroamento do noiro na marxe esquerda do punto quilométrico 6+000 da estrada provincial EP-0018 Xeve-Amil-Espedregueira, no termo municipal de Pontevedra. (...)Esa estrada provincial ten unha sección de 6.00 metros de ancho de calzada sen beiravía, o que agrava a situación. (...). debido a que non é posible garantir a estabilidade do noiro é necesaria unha actuación de emerxencia para manter a vialidade e evitar riscos de danos maiores antes de que se vexa afectada a calzada e o tráfico rodado...”.

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 120.000,00 € IVE incluído, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, proponéndose á empresa Construcciones E.C. Casas, S.L. (CIF B36147429) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.



Resultando.- Que se estima un prazo de execución da obra de DOUS (2) MESES, quedando condicionado ó prazo final da execución da obra.

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC con número de operación 202300225298 por importe de 120.000,00 € con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 23/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

